

REQUISITOS XERAIS PARA O ESTUDANTADO DO GRAO EN ODONTOLOXÍA QUE REALIZA UNHA MOBILIDADE ERASMUS, SICUE OU BILATERAL

O número máximo de créditos que se poden incluír no acordo académico nunha estancia anual é de 60 ECTS. Se a estancia é semestral é de 30 ECTS.

O acordo académico **non pode incluír** as seguintes materias:

- G2062426 Odontoloxía Legal, Ética e Profesionalismo (agás o estudantado SICUE).
- As materias optativas G2062341 Prácticas Clínicas (en período non lectivo) I, G2062441 Prácticas Clínicas (en período non lectivo) II e G2062544 Prácticas Clínicas (en período non lectivo) III. Estas materias poden cursarse na USC.
- G2051628 Traballo Fin de Grao (esta materia pode matricularse na USC)
- Se a estancia é semestral non se poden incluír no acordo de estudos materias anuais.

En canto ás materias do Módulo IV para poder incluílas no acordo académico é necesario :

- Patoloxía e Terapéutica Dental II ter superada a materia Patoloxía e Terapéutica Dental I
- Oclusión e Odontoloxía Protésica II ter superada a materia Oclusión e Odontoloxía Protésica I
- Cirurxía Oral II ter superada a materia Cirurxía Oral I
- Ortodoncia Clínica ter superada a materia Ortodoncia Básica
- Prácticas Tuteladas: ter superadas as materias Patoloxía e Terapéutica Dental II, Oclusión e Odontoloxía Protésica II, Cirurxía Oral II, Periodoncia e Odontopediatría.

Cando unha materia equivale na Universidade de destino a máis dunha materia só se poderá superar a materia se están superadas todas as materias equivalentes. A cualificación será a media ponderada.

Universidades ERASMUS/SICUE con requisitos:

As Universidades que se indican a continuación contan con requisitos de acceso para o estudantado IN:

- Warszawski Uniwersytet Medyczny: non admite alumnado para cursar 4º curso.
- Universidad Complutense de Madrid: só admite estudantes para 5º curso.